

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE SALCEDA DE
CASELAS (PONTEVEDRA) , Nº 10/2012 (MANDATO 2011-2015), DE CARÁCTER
EXTRAORDINARIA , CELEBRADA O 29 DE NOVEMBRO DE 2012.**

Salceda de Caselas, 29 de novembro de 2012.

ASISTENTES

Presidente

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (BNG)

Concelleiros/as

Grupo municipal do Partido Popular

FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, José (PP)

GÓMEZ GONZÁLEZ, Fernando (PP)

NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP)

PEREIRA IGLESIAS, Emma (PP)

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP)

VALCÁRCEL BERNÁRDEZ, Ángela (PP)

Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego

ÁLVAREZ GONZÁLEZ, Fortunato (BNG)

CASTIÑEIRA ALÉN, María Dolores (BNG)


GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (BNG)


LORENZO GONZÁLEZ, Cándido (BNG)

PÉREZ GONZÁLEZ, María Teresa (BNG)

Grupo municipal mixto

CABALEIRO FERNÁNDEZ, Marina (PSdeG-PSOE)





Interventora do Concello

Elisa Marqués Parrilla

Secretario do Concello

Carlos López Quintáns

HORA DE INICIO: 19:05

HORA DE REMATE: 19:57

Na Sala de Sesións do Concello, sendo as 19:05 horas, tras convocatoria efectuada polo Sr. Alcalde mediante Decreto 421/2012 de 26 de novembro de 2012, reúnense en sesión extraordinaria, dada a necesidade de aprobar definitivamente os Estatutos do Consorcio para a Xestión do Ciclo Urbano da Auga do Louro, e en primeira convocatoria, os/as señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, baixo a presidencia do Señor Alcalde, Marcos David Besada Pérez, quen procede a abrir o acto, unha vez comprobada polo Secretario a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar, no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA:

- 1.- Aprobación da acta da sesión anterior (sesión 9/2012, ordinaria, de 30 de outubro).
- 2.- Proposta presentada polos grupos municipais do BNG e do PSdG sobre a paralización do proxecto do parque eólico da Serra do Galiñeiro.
- 3.- Proposta de aprobación definitiva do Consorcio para a Xestión do Ciclo Urbano da Auga do Louro.
- 4.- Proposta de designación de representante do Concello no Comité Directivo do Consorcio para a Xestión do Ciclo Urbano da Auga do Louro.


1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (SESIÓN 9/2012, ORDINARIA, DE 30 DE OUTUBRO DE 2012).

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adelante) o Señor Presidente pregunta se algún/nha membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión anterior, 9/2012, ordinaria, de 30 de outubro de 2012.

A sra. concelleira CASTIÑEIRA ALÉN di que ten unha observación á acta anterior. Dá a coñecer na páxina catro, na súa intervención "...leva traballando catro anos coa asociación "A FAL... debe dicir "Asociación A F.A.G.A.", posto que este é o nome correcto.

Non existindo máis observacións, sométese a votación, e a acta é aprobada unanimidade dos/as membros presentes na sesión.





2.- PROPOSTA PRESENTADA POLOS GRUPOS MUNICIPAIS DO BNG E DO PSDG SOBRE A PARALIZACIÓN DO PROXECTO DO PARQUE EÓLICO DA SERRA DO GALIÑEIRO.

O sr. **Alcalde, BESADA PÉREZ**, explica que na Comarca da Louriña estase levando a cabo un proxecto de parque eólico na Serra do Galiñeiro, sumado ó intento de empresas mineiras de facer prospeccións nesa serra. Di que tendo en conta o plantexamento que fixo a Plataforma en defensa da Serra do Galiñeiro, creron oportuno formular a proposta neste Pleno dado que tamén se encontra na fase de alegacións que está a punto de rematar. Indica que do que alerta a Plataforma é de que se pon en serio perigo a Serra do Galiñeiro, polo que se propón o rexeitamento das expropiacións -dá lectura deses dous acordos- (son os dous acordos a tomar).

O sr. concelleiro do B.N.G., **LORENZO GONZÁLEZ**, pasa a ler a seguinte proposta:

"Os Grupos Municipais do BNG e PSdeG-PSOE do Concello de Salceda de Caselas, ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta ante o Pleno da corporación Municipal a seguinte

MOCIÓN

O proxecto do parque do parque eólico da Serra do Galiñeiro, encóntrase en trámite de exposición pública no DOG, dende o 25 de outubro de 2012 :


"RESOLUCIÓN do 27 de setembro de 2012, da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública para autorización administrativa, declaración de utilidade pública, en concreto, e a necesidade de urxente ocupación que iso implica, aprobación do proxecto de execución, proxecto sectorial de incidencia supramunicipal da instalación eléctrica e estudo ambiental das instalacións referidas ao Parque Eólico Serra do Galiñeiro nos concellos de Gondomar, Mos, O Porriño e Vigo (expediente IN661A 2011/20-4)".


Esta iniciativa pon en perigo o espazo da Serra do Galiñeiro que é un espazo singular dende os puntos de vista paisaxísticos, medioambiental e tamén económico.

Na exposición de motivos faise referencia ás alegacións presentadas pola Plataforma en Defensa da Serra do Galiñeiro:

*1ª A serra do Galiñeiro é un **referente paisaxístico** en toda a comarca. Isto é debido á súa elevada altitude e ás súas formacións rochosas. A colocación de 13 aeroxeradores de 175 m de altura total, nas cotas máis altas da serra, suporía un enorme impacto na paisaxe destruindo a súa singular silueta, visible desde moitos quilómetros ao redor.*

*2ª A Serra do Galiñeiro conta cun rico **patrimonio arqueolóxico e etnográfico**. Ata o*





de agora atopáronse nesta zona unha gran cantidade de petróglifos (como o de Auga da Laxe), mámoas, muíños naviculares, etc. No cumio da serra localízase ademais a denominada **Fortaleza do Galiñeiro**, que conta coa declaración de Ben de Interese Cultural (BIC). Trátase dunha fortificación tardorromana, xoia do patrimonio arqueolóxico galego. A colocación dos 13 aeroxeradores, coas súas pistas de circulación, gabias, transformador e demais infraestrutura asociada, suporía a destrución dunha parte importante do patrimonio xa inventariado e do que aínda está por descubrir. No mesmo proxecto que se expón ao público recoñécese a intervención en zonas protexidas e o grave risco que supón a posible destrución do patrimonio.


3ª A serra do Galiñeiro **posúe unha grande riqueza natural**, como así o reflicte a existencia de 10 hábitats declarados de interese comunitario, un deles de conservación prioritaria: a breixeira húmida. Entre estes hábitats figuran algúns de enorme importancia, como son as turbeiras. As comunidades vexetais da serra son extraordinariamente ricas e diversas.

Na serra do Galiñeiro habitan un elevado número de especies de carácter endémico, algunhas delas incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas. É o caso da saramaganta rabilonga (*Chioglossa lusitanica*) e do mallo (*Narcissus cyclamineus*).

Á destrución directa que provocarían as obras de construción do parque eólico teríamos que sumarlle o grave risco de colisión da fauna voadora cos aeroxeradores, ameazando directamente comunidades de especial interese, como son os morcegos, as aves de ambientes rochosos (merlo azul, azulenta papuda...) ou as aves rapaces (miñado abelleiro, lagarteiro...). Os aeroxeradores serían instalados precisamente nas zonas máis frecuentadas por estas aves.

4ª Na Serra do Galiñeiro habitan greas do denominado **Cabalo de Pura Raza Galega** incluído no "Grupo de Razas Autóctonas en Peligro de Extinción" do "RD 2129/2008, de 26 de decembro, por el que se establece el Programa nacional de conservación, mejora y fomento de las razas ganaderas". A presenza deste cabalo quedaría gravemente afectada por estas instalacións.





5ª A Serra do Galiñeiro está situada nunha zona densamente poboada: a área metropolitana de Vigo. Isto sumado ás características e aos valores da serra fan que sexa un lugar utilizado para numerosas actividades de lecer: escalada, sendeirismo, mountain bike, carreiras de orientación, trails, equitación, paseos naturalísticos, colleita de cogomelos, etc. Así mesmo son destacables os seus valores didácticos, científicos e artísticos postos de manifestos en roteiros docentes e diversos cursos de formación. **A función social** da serra pode traducirse en fonte de ingresos e xeración de postos de traballo que quedarían destruídos coa instalación do parque eólico.

6ª A serra do Galiñeiro ademais constitúe unha fonte de ingresos para as **Comunidades de Montes Veciñais** propietarias dunha gran parte do monte afectado e que desenvolven diversas actividades relacionadas coa **explotación sustentable dos recursos naturais**. Ningunha parte do proxecto recolle nin a máis mínima valoración dos rendementos económicos destas actividades, nin do impacto negativo que suporía a colocación do parque. É absolutamente inadmisíble que na extensa documentación que se expón ao público non se faga nin unha mínima avaliación das actividades económicas existentes e das que se verían afectadas negativamente polo parque eólico. O parque destruíría emprego e suporía un empobrecemento para as persoas que viven na contorna.

7ª As obras proxectadas afectarían gravemente as **nacentes de augas** que se atopan na zona. O abastecemento dunha gran parte da poboación que vive nas abas da serra do Galiñeiro depende directamente destes mananciais. A alteración dos mesmos afectaría gravemente ao abastecemento das comunidades de augas existentes.

En consecuencia, propoñemos que o Pleno deste Concello aprobe:

1º. O rexeitamento da iniciativa da Xunta de expropiar aos veciños afectados das súas terras para o beneficio dunha empresa privada que só busca o seu beneficio, sin ter en conta a enorme riqueza que vai a destruír sin xustificación algunha.

2º. Que se lle dea traslado desta resolución a Xunta de Galicia para a súa consideración e conseguir a paralización do proxecto”.



O sr. concelleiro **LORENZO GONZÁLEZ** engade que nesta plataforma está a Asociación Trece Catorce, que é de Salceda de Caselas.

O sr. concelleiro **RODRÍGUEZ DAVILA**, voceiro do grupo municipal popular, di que na moción existe un matiz, o cal é que a moción fala do parque eólico. Existen dúas vertentes, as prospeccións mineiras e o Parque Eólico; que polo tanto hai dúas posturas pero que entende que agora están a falar do Parque Eólico. Explica que anque é certo que nun primeiro momento podían ter o pensamento de rexeitamento destas infraestruturas nos montes, sin embargo están a favor das enerxías renovables. Di que normalmente fanse estudos para ver como sopra o vento e si son rentables estes Parques Eólicos e que por iso é lóxico que se instalen aí. Manifesta que pensan que hai modelos de enerxía que perxudican moito máis ó medio ambiente e que ademais non teñen os coñecementos técnicos axeitados para valorar que se instalen aí e que por iso se van a abster, reafirmando que ninguén está en contra das enerxías renovables pero si se discute donde se colocan. Pon de exemplo o que pasou no seu momento coa construción da AP-9, da cal se benefician agora un montón de xente cando ó principio ninguén a quería. Remata a súa intervención dicindo que se absteñen, entendendo que a moción se refire únicamente ó Parque Eólico e non ó tema mineiro.

O sr. Alcalde **BESADA PÉREZ**, aclara que existe un intento dunha empresa surafricana de intentar levar a cabo prospeccións mineiras e que as multinacionais teñen un gran interese en botar man da serra do Galiñeiro. Di que efectivamente a moción se refire ó establecemento do Parque Eólico.

O sr. concelleiro **ÁLVAREZ GONZÁLEZ**, voceiro do grupo municipal do BNG, di que votarán a favor aínda que están dacordo co que di o sr. Rodríguez Davila no sentido de que non teñen os suficientes coñecementos técnicos; e aínda conscientes de que son enerxías renovables creen que hai montes donde sería máis xustificable colocalos, non na Serra do Galiñeiro. Di que un informe técnico de produtividade non pode ser o único motivo para colocalo na Serra. Di que non está xustifico o Parque donde o queren instalar e que por iso están en contra de que o parque se instale aí.

A sra. concelleira **CABALEIRO FERNÁNDEZ**, voceira do grupo mixto, di que votarán a favor da moción e aínda que sexan enerxías renovables di que o que habería que fomentar é o non consumo de tanta enerxía e que con iso lograríase coidar da natureza e do medio ambiente. Explica que toda a instalación que conlevan os Parques Eólicos supón a variación do curso de moitos maniantais, cambiando rutas dos animais; e manifesta que teñen que ser responsables co medio ambiente e que por iso votarán a favor da moción.


En relación á proposta, en data de 26 de novembro de 2012, a Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, **emitiu ditame favorable** á mesma cos votos a favor do BNG e do PSdG e coas abstencións do Partido Popular.

Sometida polo Señor Alcalde a proposta a votación, o Pleno do Concello de Salceda de Caselas, **en votación ordinaria, aproba a mesma con sete votos a favor dos señores/as concelleiros/as dos grupos municipais do BNG e PSdG, e seis abstencións dos señores concelleiros do grupo municipal popular, adoptando os seguintes acordos:**

1º. O rexeitamento da iniciativa da Xunta de expropiar aos veciños afectados das súas terras para o beneficio dunha empresa privada que só busca o seu beneficio, sin ter en conta a enorme riqueza que vai a destruír sin xustificación algunha.

2º. Que se lle dea traslado desta resolución a Xunta de Galicia para a súa consideración e conseguir a paralización do proxecto.





3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO CONSORCIO PARA A XESTIÓN DO CICLO URBANO DA AUGA DO LOURO.

O sr. Alcalde, **BESADA PÉREZ**, explica que polo 1993 os catro alcaldes dos Concellos de Porriño, Mos, Salceda e Tui asinaron un convenio de colaboración co Ministerio de Medio Ambiente para levar a cabo a obra dos colectores e da planta depuradora. Di que no 2004 ou 2005 se rematou a obra pero que despois ninguén a quixo coller. Segue dicindo que no 2007 a Confederación Hidrográfica reuniu ós Alcaldes electos para tomar a decisión de que se iba facer con ese conxunto de colectores e de planta; indica que non foi fácil, que se puxeron a traballar e conseguiron botar a andar, quedando no 2009 un libro de ruta e que hoxe se teñen que felicitar todos porque aínda que houbo un primeiro intento de constitución de Consorcio que fracasou, houbo un segundo intento no que se está agora, que mellorou os Estatutos, e que se logra constituir o Consorcio. Di que no 2010 puxeron a andar a depuradora e conseguiron que a Xunta asumise o déficit inicial da mesma.



Explica que xa se aprobaron provisionalmente os estatutos, que houbo alegacións, poñéndose unicamente polo BNG e que existiu un proceso de debate. Manifesta que o máis importante para eles foi tentar que pola Xunta se asumise nos Estatutos uns investimentos que garantirían que os Concellos, sobre todo no rural se visen reforzados con esos servizos de saneamento. Comenta que finalmente non o conseguiron pero que aínda así se teñen que felicitar. Recalca que é un feito histórico ter un Consorcio para a Xestión do Ciclo Urbano da Auga do Louro. Engade que se busca que no 2015 o Consorcio non teña déficit e resalta que ó constituir o Consorcio terá prioridade en axudas de fondos europeos e que isto permitirá que os proxectos de saneamento de San Estevo de Budiño e de Entenza e Soutelo teñan máis posibilidades de que se aborden.

O sr. **RODRÍGUEZ DAVILA**, voceiro do grupo municipal popular, di que é un día histórico e que por fin, gracias ó traballo de moita xente e sobre todo ós impostos dos cidadáns, que serviron para financiar as obras, van aprobar un proceso que leva moitos anos. Di que hoxe non vai entrar en matices políticos, pero que están as actas para ver quen es foron os que conseguiron poñer en marcha este proceso. Indica que é importante que a Xunta asuma o déficit inicial ata 2015. Explica que o Consorcio asume o ciclo completo do abastecemento e saneamento e que existirá unha tarifa única para os catro concellos. Di que máis alá do como, quen e cando, o importante é que se estén aprobando os Estatutos definitivos. Manifesta que foi a partir do 2010 cando se puxo en marcha a depuradora e cando se viu definitivamente reflexado aquilo que nun momento parecía un soño inalcanzable, sendo preciso que alguén dese un golpe na mesa para que se poidese conseguir. Remata dicindo que os documentos oficiais están para ver quen es, como se fixo e como se chegou.

O sr. **ÁLVAREZ GONZÁLEZ**, voceiro do grupo municipal do BNG, di que non é momento de analizar quen foi o que máis fixo. Di que é un día de festa para celebrar. Explica que é preciso profesionalizar o saneamento, que os Concellos xa non teñen medios para controlar certas actividades a pesar do importante que é o servizo da auga. Di que co nacemento do Consorcio se ten que producir unha mellora e que son conscientes de que probablemente lle teñan que dicir ós veciños que teñen que pagar máis, pero manifesta que pode que non supoña un problema sempre que se mellore a prestación de servizos.

Di que o BNG fixo alegacións na fase de aprobación provisional dos Estatutos das cales aceptaron algunhas que quedaron incorporadas ós mesmos. Di que queren ver reflexados Estatutos na realidade e que votarán a favor.

A sra. **CABALEIRO FERNÁNDEZ**, voceira do grupo mixto, di que é un día importante, que conleva a que noutros sitios non se contamine tanto. Di que para elo xa foi un triunfo conseguir pechar aquela cafetera que vertía no Río. Indica que agora esto é a formalización, e que estes Estatutos veñen a ser unha Constitución. Resalta que existirá o mesmo prezo máis alá do color político dos concellos membros. Di que o seu desexo é que os Estatutos sexan o inicio de algo que vai funcionar ben e que o servizo se preste mellor e que por iso votarán a favor.



O sr. Alcalde **BESADA PÉREZ** comenta que é un bo exemplo e que outros Consorcios como o de Benestar, conseguiron proporcionar servizos de máxima calidade. Di que hoxe se aproban os Estatutos definitivamente, designaranse os representantes, remitiranse os Estatutos á Consellería de Xustiza, publicaranse no D.O.G., e que despois convocarase polo Alcalde da sede do Concello no que radique o Consorcio ós representantes para elixir os órganos reitores e para iniciar o seu funcionamento, comunicándose á Xunta para que se aprobe no Consello da Xunta de Galicia.

Explica que despois ten que botar a andar a xestión do servizo, establecer os sistemas tarifarios, sendo unha tarifa única para os catro concellos. Indica que todos os sistemas de colectores e todos os sistemas das ETAP van seguir sendo de propiedade municipal pero figurarán como adscritos ó Consorcio. Engade que todo o que se execute a maiores será propiedade do Consorcio e remata indicando que será importante determinar que persoal se vai adscribir ó Consorcio e que por parte do Concello de Salceda non se adscribirá ninguén.

No expediente da sesión consta a seguinte proposta de Alcaldía de data 22 de novembro de 2012 e a cal se somete a votación:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA AO PLENO

Visto que o 5 de xuño se produxo a aprobación provisional dos Estatutos do Consorcio para a Xestión do Ciclo Urbano da Auga do Louro.

Visto que os estatutos aprobados provisionalmente foron obxecto de exposición pública, presentándose unha serie de alegacións que se resolveron en sesión da Comisión Xestora, celebrada o 26 de outubro do presente ano.

Visto que se emitiron os informes favorables precisos por parte da Deputación Provincial de Pontevedra e por parte da Dirección Xeral de Administración Local de Galicia para que se proceda á aprobación definitiva dos citados Estatutos.

Visto o Informe Favorable de Secretaría nº 17/2012 de 22 de novembro.

Visto que é preciso proceder á aprobación definitiva dos estatutos para que se proceda á constitución do Consorcio,

PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN:


-Á aprobación definitiva dos Estatutos do Consorcio para a Xestión do Ciclo Urbano da Auga do Louro".

En relación á proposta, en data de 26 de novembro de 2012, a Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, **emitiu ditame favorable** á mesma cos votos a favor do BNG e do PSdG e coas abstencións do Partido Popular.

Sometida polo Señor Alcalde a proposta a votación, o Pleno do Concello de Salceda de Caselas, **en votación ordinaria, aproba a mesma por unanimidade dos membros presentes, con trece votos a favor dos señores/las concelleiros/las dos grupos municipais do BNG, PSdG e Partido Popular, adoptando o seguinte acordo:**

-A aprobación definitiva dos Estatutos do Consorcio para a Xestión do Ciclo Urbano da Auga do Louro.





4.- PROPOSTA DE DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTE DO CONCELLO NO COMITÉ DIRECTIVO DO CONSORCIO PARA A XESTIÓN DO CICLO URBANO DA AUGA DO LOURO.

O sr. Alcalde **BESADA PÉREZ** di que se propón ó Pleno a seguinte proposta, da que da lectura:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA AO PLENO

Asunto: designación de representante do Concello no Consorcio para a Xestión do Ciclo Urbano da Auga do Louro.

Unha vez levados a cabo os trámites para a aprobación dos Estatutos do Consorcio para a Xestión do Ciclo Urbano da Auga do Louro e, conforme ós artigos 141 da Lei de Administración Local de Galicia e 12 dos Estatutos devanditos, o Concello ten que designar un representante do mesmo para formar parte do Consorcio, e máis concretamente, no órgano de goberno denominado Comité Directivo. Este representante terá voz e voto nas sesións que se celebren. Será designado por un período de catro anos, podendo revocarse o seu nomeamento en calquera momento polo órgano que o designou. A perda da condición de membro da corporación municipal implicará o seu cese na representación, salvo nos casos de renovacións das corporacións, en cuxo caso continuarán as súas funcións no Consorcio soamente para a administración ordinaria ata a toma de posesión dos novos representantes.

Visto que dende o inicio deste procedemento de constitución do Consorcio estiven e participei en representación do Concello en todo tipo de trámites e reunións, polo que considero que teño un coñecemento amplo e suficiente do órgano, formúlolle ó Pleno da Corporación a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

-Designar coma representante do Concello de Salceda de Caselas no Comité Directivo do Consorcio para a Xestión do Ciclo Urbano da Auga do Louro, a D. Marcos David Besada Pérez, conforme ás condicións que marca a Lexislación vixente e os Estatutos do Consorcio"

O sr. Alcalde **BESADA PÉREZ** di que quere aclarar que aquí pode ser representante o Alcalde ou calquera outro concelleiro da corporación elixido polo Pleno.

O sr. concelleiro **RODRÍGUEZ DAVILA**, voceiro do grupo municipal popular, di que non votará a favor máis alá de que poidese ser outra persoa.

O sr. concelleiro **ÁLVAREZ GONZÁLEZ**, voceiro do grupo municipal do BNG, di que votará a favor.

A sra. concelleira **CABALEIRO FERNÁNDEZ**, voceira do grupo mixto, di que votará a favor.

En relación á proposta, en data de 26 de novembro de 2012, a Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, **emitiu ditame favorable** á mesma cos votos a favor do BNG e do PSdG e coas abstencións do Partido Popular.






Sometida polo Señor Alcalde a proposta a votación, o Pleno do Concello de Salceda de Caselas, en votación ordinaria, aproba a mesma por unanimidade dos membros presentes, con trece votos a favor dos señores/as concelleiros/as dos grupos municipais do BNG, PSdG e Partido Popular, adoptando o seguinte acordo:

-Designar coma representante do Concello de Salceda de Caselas no Comité Directivo do Consorcio para a Xestión do Ciclo Urbano da Auga do Louro, a D. Marcos David Besada Pérez, conforme ás condicións que marca a Lexislación vixente e os Estatutos do Consorcio.

Non habendo máis temas que tratar, ás 19:57 minutos, o Señor Alcalde di que haberá un novo pleno o 21 de decembro de carácter ordinario. A continuación levanta a sesión, da que estendo a presente acta, que consta de dez páxinas numeradas do un ao dez, e por min asinadas e seladas co carimbo do Concello, impresas en papel timbrado da Corporación até a súa elevación ao correspondente libro, que asina o Señor Alcalde, do que, coma Secretario do Concello, dou fe.

O ALCALDE

CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS
PONTEVEDRA
Marcos David Besada Pérez

O SECRETARIO DO CONCELLO


Carlos López Quiñtana